



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E
DOUS
(ACTA NÚMERO 28)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. Leticia Rodríguez Díaz

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e nove de xullo de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Secretaria- Intereventora dona Leticia Rodríguez Díaz, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asiste a señora Deputada dona Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de xullo de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LICENZAS DE SOFTWARE TÉCNICO ESPECÍFICO PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo expediente N°: 2022/CON_02/000061, consta no mesmo:

Orden de inicio e memoria xustificativa de expediente de contratación, con CSV: IV7DE225JA4ZXHVLC5PUKHXBMA.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7DE225ZVV7URHLDQX5KVBGKU.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7DFS37BFXPJ6QVIEEUL7MM (lote 1); IV7DEAATJQEDSTRIQVM4MQHXCQ (Lote 2).

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7DEAK6HNV5XNM6AVMGCD7SGE.



Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7DEAK72DRC5VBJUIPXAVBXB4.

Fiscalización limitada previa do expediente IV7DFWRN3EG6ZTHJ3VPE6HYRGQ.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo, expediente Nº: 2022/CON_02/000061, cunha duración de un ano, prorrogable anualmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas) exceda de tres anos. O prazo de duración do contrato contará desde o 01 de abril de 2023 para o lote 1 e dende a formalización do contrato no caso do lote 2.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como o criterio de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 59.567,02 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 12.509,09 €, o que fai un total de 72.076,11 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

LOTES	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE INCLÚIDO)
Lote 1 : Autodesk. Software de deseño técnico, arquitectura, enxeñería e construción.	36.368,70
Lote 2: Software de deseño gráfico e software de asistencia técnica	35.707,41
TOTAL	72.076,11

O lote 1, tramítase como gasto anticipado, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral, posto que non se iniciará ata o día 01 de abril de 2023, data na que expira o contrato vixente.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 a cantidade de 36.368,70 euros para o lote 1.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, POSTA EN MARCHA E MANTEMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA FACILITAR O DESENVOLVEMENTO DO CONTROL INTERNO POLA INTERVENCIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do subministro, posta en marcha e mantemento da aplicación informática para facilitar o desenvolvemento do control interno pola intervención provincial, 2022/CON_02/000016, consta no mesmo:



Memoria xustificativa e providencia de inicio, con CSV IV7DEXDNLEEDQTBLS3YXK3ZGAE¹.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7D2OBCNBVM5FE5UEMSEB3R7Y.

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7DE6KP3MVM7ZBPWU5FBYZ76Y.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7DEALCBPR2RVHDBQFV4FPOI4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7DEAKPNXW3T5GK6E5BIZZV4Q.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7DFWPPYFR7L3E5UQ7Q4TZX4Q.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do subministro, posta en marcha e mantemento da aplicación informática para facilitar o desenvolvemento do control interno pola intervención provincial, 2022/CON_02/000016.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 15.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.150,00 €, o que fai un total de 18.150,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase de acordo a seguinte desagregación, segundo consta no informe de consignación da Intervención:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2022	9310.641	9.680,00	22022/22374
2023	9310.216	8.470,00	220229/443
TOTAL		18.150,00 €	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO LOTE 4 DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 11 de marzo de 2022, aprobou, entre outras cousas, adxudicar o lote 4 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, a favor da empresa Onet Iberia Soluciones S.A.U., por importe de 236.683,61 euros anuais (IVE incluído), cunha bolsa de 1500 horas de libre disposición e 10 horas de formación anual.

2.- O contrato referente ao Lote IV formalizouse o día 25 de abril de 2022. En relación coa duración e a entrada en vigor do contrato cómpre sinalar que na cláusula segunda do contrato de referencia se indica que:

“O contrato terá unha duración de un ano, prorrogable anualmente sen que a duración total, incluídas as prórrogas poida exceder de catro anos (1+1+1+1). Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio do contrato, que se realizará unha vez formalizado o contrato e feitos os trámites precisos para a subrogación do persoal (transcorridos como máximo quince días naturais dende que se formalice o contrato); salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP. O inicio do contrato terá lugar o día 01 de maio de 2022”

No mesmo senso, consta no expediente acta de inicio do contrato na que se recolle que a duración do contrato é de un ano, comenzando o día 1 de maio de 2022.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL). Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde HAC/1272/2019, de 16 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2020

Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do contrato de seguro.

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- O PCAP reitor desta licitación prevé, na cláusula 24.1 o seguinte:

De acordo co disposto no artigo 204 da LCSP, prevese neste PCAP a seguinte modificación: Modificación por necesidade de incorporar novos edificios ou dependencias por nova incorporación ou cambio de uso. Esta modificación non poderá supoñer unha alteración do prezo contractual superior ao 20% do prezo inicial. Os prezos que se aplicarán serán os prezos por hora ofertados para cada lote polo adxudicatario.

Neste caso o modificado proposto non supera o 20% do prezo inicial.

Segunda.- Con data 10 de xuño a Xerente da Rede Museística Provincial, solicita que se proceda a incrementar en unha persoa a media xornada o número de traballadores no cadro de persoal no museo Pazo de Tor (CSV: IV7D5TT4JIZ35BE62QATOQRO4U).



Terceira.- O Responsable do Contrato, informa o día 19 de xullo de 2022 sobre a procedencia de realizar a modificación contractual, para garantir as necesidades do servizo con total eficacia, debido ao incremento do número de novas salas abertas ao público que forman parte da visita guiada do museo Pazo de Tor (CSV: IV7DE2XJDRNORWMLUJFAAQJUII).

Cuarta.- Aos efectos de determinar o importe da modificación, respectase o prezo contractual, así no punto 4 da oferta económica presentada pola empresa Onet IBERIA Soluciones S.A.U., que forma parte do expediente de licitación (expediente 2021/CON_02/000046V2), recóllese que o importe hora debe ser cuantificado como 12,10 euros custo/hora (IVE incluído), aos efectos previstos na cláusula 24 do PCAP.

No mesmo senso consta no expediente proposta económica para a realización de 84,5 horas mensuais a un prezo de 12,10 €/h, o que ascende a un total de 1.022 euros/mes (IVE incluído).

A modificación do contrato é inferior ao 20% do prezo de adxudicación do contrato, xa que supón un incremento de 12.264 euros anuais (IVE incluído), sendo o prezo de adxudicación de 236.683,61 euros anuais (IVE incluído).

Quinta.- A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Art. 109.3 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste faise por prazo de oito meses e medio (posto que o contrato vence o día 30 de abril de 2023 e a data de efecto da modificación estímase o día 16 de agosto do 2022), en proporción ao novo prezo, polo que deberá efectuarse por importe de 359,13 euros (5% de 7.182,50 euros).

Sexta.- En canto as especialidades procedimentais para este tipo de modificación veñen recollidas no artigo 207 da LCSP que se reproduce a continuación:

“1. (...)

3. Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo

205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley.

Asimismo los órganos de contratación que hubieren modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación.”

Nesto suposto, a contratación está suxeita a regulación harmonizada.

Oitava.- Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.7.4. das bases de execución do orzamento 2019,enténdese dende o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do Artigo 204 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.7.4 Modificación do contrato:

No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da LCSP, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos,que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da LCSP e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, que no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Novena.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 03 de setembro de 2020).



Unha vez fiscalizado o expediente pola Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación do lote 4 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo para incorporar a unha limpadora a media xornada por importe de 7.182,50 euros, aos que se engadirán 1.508,33 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.690,83 euros, cunha duración que abrangue dende o día 16 de agosto de 2022 ata o día 30 de abril do 2023. A necesidade desta modificación é debido ao incremento do número de salas abertas ao público e que forman parte da visita guiada do museo Pazo de Tor en Monforte de Lemos.

2º.- Adxudicar este modificado a empresa Onet Iberia Soluciones S.A.U., mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

3º.- O importe da modificación do contrato financiase atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2022: 4.601,03 euros (IVE incluído).

Anualidade 2023: 4.089,80 euros (IVE incluído).

4º.- A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (359,13 euros) constituído de conformidade co disposto no PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

5º.- Publicar a aprobación do modificado no perfil do contratante ou www.contrataciondelestado.es, e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE DIVERSOS PROXECTOS DO PLAN ÚNICO 2021.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Guitiriz, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Guitiriz no que solicita a modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	112	MELLORA DE ACCESOS EN LAGOSTELLE	0,00€	39.357,27€	39.357,27€

4. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Guitiriz a través de escrito de data 30/06/2022 e documentación adicional remitida de data 20/07/2022 e 2022RT010644 de data 22/07/2022, solicita:

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 112, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... tendo en conta o volume do tráfico rodado,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada quedando financiada, tendo en conta a baixa de adxudicación, do seguinte xeito:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	112	MODIFICADO MELLORA DE ACCESOS EN LAGOSTELLE	8.098,07€	39.257,27€	47.355,34€

6. A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases.

Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Guitiriz que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Guitiriz, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	112	MODIFICADO MELLORA DE ACCESOS EN LAGOSTELLE	8.098,07€	39.257,27€	47.355,34€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- Proposta para aprobar a resolución e liquidación do convenio interadministrativo de cooperación entre o Concello de Portomarín e a Deputación Provincial de Lugo para a construción dun Centro de Atención a Persoas Maiores no Municipio de Portomarín (Apartamentos tutelados e centro de día) e aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre o Concello de Portomarín e a Deputación Provincial de Lugo para a construción dun Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) no Municipio de Portomarín.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“A Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín formalizaron o Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores no municipio de Portomarín o 03.08.2018.

Neste documento se recollía o interese de construír uns apartamentos tutelados e un centro de día no municipio de Portomarín.

Levadas a cabo diferentes actuacións recollidas no convenio (solicitar licencias, autorizacións sectoriais, licitación, etc.), finalmente a empresa adxudicataria solicitou a resolución de mutuo acordo da adxudicación.

A día de hoxe mantense o interese común entre Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín en exercicio das súas competencias, de acadar os fins comúns da construción do centro

de atención a persoas maiores no municipio de Portomarín, pero tendo en conta as necesidades sociais actuais, moitas delas froito da pandemia pola Covid-19 e os servizos ofertados no propio Concello e na contorna, parece que o mais prudente é redeseñar o proxecto do futuro CAM, e que no mesmo se pase a prestar un servizo de atención residencial e sempre que sexa posible o servizo de atención diúrna.

O 26.07.2022 o representante legal do Concello que nos ocupa rexistrou o 26.07.2022 (2022RPE013353) un documento no cal manifestaba a vontade de Resolver o Convenio Interadministrativo formalizado entre as partes o 03.08.2018, por acordo entras partes; liquidar o amentado Convenio interadministrativo de cooperación; e aprobar un novo convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores no Concello de Portomarín, para o cal o Concello de Portomarín efectuará unha achega total de 200.000.00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

Dende a Área de Promoción Económica e Social informouse da necesidade de resolver e liquidar o convenio asinado no ano 2018 e aprobar un novo convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores no municipio de Portomarín, co obxectivo de dar cumprimento coa vontade das partes.

Tendo en conta o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores no municipio de Portomarín, que se propón, así como, o informe de consignación orzamentaria, o informe do favorable do Servizo de Intervención, o informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento, así como o informe de fiscalización favorable relativos ao devandito convenio.

Proponse que pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo se adopte o seguinte:

1º.- Acordar a resolución do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na



construcción de centro de atención a persoas maiores no municipio de Portomarín (apartamento tutelado e centro de día), formalizado entre as partes o 03.08.2018, por acordo unánime entre as partes asinantes en base o artigo 51.2.b da Lei 40/2015.

2º.- Aprobar a liquidación do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores no municipio de Portomarín, non quedando pendentes obrigas ou compromisos por ningunha das partes asinantes.

3º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores (CAM) no municipio de Portomarín, cun orzamento total de 1.806.137,15 €: a achega da Deputación ascende a unha contía de 1.606.137,15 € e achega económica do Concello de Portomarín a 200.000,00 €.

4º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, que ascende á contía máxima de 1.606.137,15 €, distribuídos do seguinte xeito:

Ano 2022: 1.562.637,15 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.62255 RC22022/23428.

Ano 2023: 21.750,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622 RC220229/466.

Ano 2024: 21.750,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622 RC220229/466.

A Deputación adquire este compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 e 2024 as cantidades sinaladas para cada anualidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para cooperar no financiamento da “Adquisición dunha retro cargadora para usos municipais do Concello de Ribeira de Piquín”. Ano 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para cooperar no financiamento da “Adquisición dunha retro cargadora para usos municipais do Concello de Ribeira de Piquín”. Ano 2021.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2022/PES_03/014131) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe.

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2021, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “adquisición dunha retro cargadora para usos municipais do concello de Ribeira de Piquín”, por importe total de 50.820,00 €

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 49.320,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na



“adquisición dunha retro cargadora para usos municipais do concello de Ribeira de Piquín”, formalizouse o 23 de decembro de 2021.

Terceiro: O alcalde do concello de Ribeira de Piquín remitiu, o 19 de xullo de 2022 (2022RT010484), escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“O unha prórroga do prazo de execución ata o 31 de outubro de 2022; así como unha prórroga do prazo de xustificación ata o 30 de novembro de 2022”

Segundo se desprende da documentación que obra no expediente, preténdese a modificación das seguintes cláusulas:

A cláusula terceira (apartado 3.2) , sobre as obrigas e compromisos das partes.

A cláusula cuarta (apartado C) , sobre o réxime económico.

As cales quedarían redactadas do seguinte xeito, tomando como referencia o escrito da representante do Concello de Ribeira de Piquín e a os prazos das contas xustificativas dos convenios a aprobar nesta anualidade:

As cales quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.2. O Concello de Ribeira de Piquín:

“En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Ribeira de Piquín, comprométese ao seguinte:

1. Licitar os investimentos con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, no seu caso, os tributos que se apliquen.

2. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 1.500,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

3. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións determínense pola Deputación Provincial de Lugo.

4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

8. Executar as actuación obxecto deste convenio na data límite do 31 de outubro de 2022”.

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

Xustificación da achega económica.

“O Concello de Ribeira de Piquín, achegará, como data límite do 15 de novembro de 2022 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción do subministro.

Declaración responsable emitida polo representante do concello de Ribeira de Piquín, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a



posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Ribeira de Piquín non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Ribeira de Piquín, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula quinta, Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2021 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2023 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “adquisición dunha retro cargadora para usos municipais do concello de Ribeira de Piquín” é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, infórmase favorablemente a modificación solicitada pola representante do Concello de Ribeira de Piquín nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusulas terceira e cuarta do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos



fins comúns consistentes en cooperar na “Adquisición dunha retro cargadora para usos municipais do concello de Ribeira de Piquín” formalizado o 23 de decembro de 2021, nos termos da modificación do convenio que se incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADQUISICIÓN DA FINCA QUE ALBERGA UN POZO E A TORRE DE CALDALOBA.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“No procedemento para a adquisición da parcela, con referencia catastral 27015A037003040000SI, onde se sitúan un pozo e a metade da Torre de Caldaloba, no Concello de Cospeito, coa finalidade de realizar os traballos de restauración e consolidación deste Ben de Interese Cultural, consta a seguinte documentación:

En relación coa Aprobación do gasto.

A/ Informe de Taxación dos bens emitido por Promove Arquitectura, en data do 10 de maio de 2022, co CSV: IV7DQXYINUGZRD6MWFEUEEJTCY.

B/ Orde da Vicepresidencia de iniciación do procedemento motivando a necesidade do contrato do 6 de xuño de 2022, co CSV: IV7D4APL2ENMTDBTC4GGEHQPEI.

C/ Informe do Servizo de Contratación e Fomento de 8 de xuño de 2022, baixo o CSV: IV7D4L7NHEEP7HELCFQNL7G6U.

En relación co Compromiso do gasto.

A/ Retención de Crédito efectuada, en data de 7 de xuño de 2022, co CSV: IV7D4EHOL47JKWPMUFVQOAD7E4.

B/ Oferta económica para a adquisición dos bens, con expresión do prezo e prazo de duración da oferta, de data de 22 de xuño de 2022 e aceptación da oferta, de data de 4 de xullo de 2022.

C/ Informe da Secretaría Xeral sobre a adquisición, de data 22 de xullo de 2022, co CSV: IV7DEAHOPMJIRXV5UUAVC5B6MM.

D/ Informe de Intervención, de data de 27 de xullo de 2022, co CSV:IV7DFWPIDVZKJ2UOYQ4N4VAAMU.

Polo exposto e coa finalidade de proceder a adquisición directa da parcela, con referencia catastral 27015A037003040000SI, onde se sitúan un pozo e a metade da Torre de Caldaloba, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar a adquisición da parcela con referencia catastral 27015A037003040000SI e a metade da Torre de Caldaloba, de acordo cos títulos de propiedade aportados, coa finalidade de realizar os traballos de restauración e consolidación deste Ben de Interese Cultural.

2º.- Aprobar o gasto por un importe de 106.000,00 € e adxudicar este importe a favor de D. Pedro Núñez Trigo e Dna. María del Carmen Núñez Trigo, a partes iguais, realizando o pago, mediante transferencia bancaria, no prazo máximo dos vinte días seguintes á formalización, mediante escritura pública, da presente compravenda.

3º.- Formalizar en escritura pública a presente adquisición, proceder a súa regularización catastral, inscrición no Rexistro da Propiedade e no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial.

A citada formalización quedará condicionada á presentación previa, polos vendedores, dos certificados positivos, en relación coas obrigas tributarias e coa seguridade social e á acreditación



da notificación á Xunta de Galicia desta transmisión onerosa e a súa contestación ou transcurso do prazo, de acordo co disposto no artigo 49 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E A SOCIEDADE MERCANTIL ESTATAL PARA LA GESTIÓN DE LA INNOVACIÓN Y DE LAS TECNOLOGÍAS TURÍSTICAS, S.A.M.P. (SEGITTUR), PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DE ACTUACIÓNS PARA A PROMOCIÓN E IMPULSO DOS DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (DTI) NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno aprobou a adhesión ao Protocolo Xeral de actuación entre a Deputación de Lugo e a Sociedad Mercantil Estatal para la Gestión de la Innovación y las Tecnologías Turísticas S.A.M.P. (SEGITTUR) para o desenvolvemento conxunto de actuacións para a promoción e impulso dos Destinos Turísticos Intelixentes (DTI) na provincia de Lugo.

Visto o informe do Sevizo de Turismo no que se sinala a detección de erros materiais no citado Protocolo con relación á práctica de notificacións por medios electrónicos e na vixencia do mesmo, debendo contemplarse a posibilidade da súa prórroga por catro anos mediante acordo expreso das partes, tal e como foi posto de manifesto no informe do Servizo de Turismo con CSV V7D2WLOPYFYXFHOQZMBNYJ7KI que acompañaba ao expediente de aprobación.

Polo antedito, procede elevar á Xunta de Goberno o seguinte acordo:

Aprobar a corrección de erros materiais detectados no Protocolo Xeral de actuación entre a Deputación de Lugo e a Sociedad Mercantil Estatal para la Gestión de la Innovación y las Tecnologías Turísticas S.A.M.P. (SEGITTUR) para o desenvolvemento conxunto de actuacións para a promoción e impulso dos Destinos Turísticos Intelixentes (DTI) na provincia de Lugo, de xeito que,

Onde di:

"Novena.- Notificaciones.

Las comunicaciones que hayan de realizarse en desarrollo del presente Protocolo se enviarán a las siguientes direcciones:

SEGITTUR

Paseo de la Castellana, nº 135, Planta 16,
28046, Madrid

Att. Director de Investigación, Desarrollo e Innovación Turística.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Rúa San Marcos, 8

27001 Lugo

Att: Servizo de Turismo."

Debe decir:

"Novena. – Notificaciones.

Las comunicaciones que hayan de realizarse en desarrollo del presente Protocolo se enviarán electrónicamente a las siguientes direcciones:

SEGITTUR

Att. Director de Investigación, Desarrollo e Innovación Turística
carlos.romero@segittur.es

DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Att. Presidente

turismo@deputacionlugo.org"



Onde di:

“Décima.- Duración.

La duración del presente Protocolo se inicia en la fecha de su formalización y tendrá una duración de cuatro años desde la misma

(...)”

Debe decir:

“Décima.- Duración.

La duración del presente Protocolo tendrá una duración de cuatro años a contar desde la fecha de la firma, pudiendo prorrogarse por un período de cuatro años más, mediante acuerdo expreso de las partes y antes de la finalización del plazo previamente señalado.

(...)”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 25 de febreiro de 2022, aprobou ás bases e os modelos de solicitude do procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo anualidade 2022.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 052 do sábado 05 de marzo de 2022.

Tendo en conta que de conformidade co punto 6º das Bases do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no concurso.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso despois da aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse as respectivas listaxes nas que inclúen os solicitantes propostos para cadansúa liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e no seu caso as solicitudes desestimadas, ou por non se axustaren as bases do concurso ou teren presentado desistencia.

Tendo en conta que, con data 20 de xullo de 2022 se constituíu a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan á acta da Comisión e expediente.

Tendo en conta que no punto 10. Acordos de resolución e notificacións se prevé que o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será



obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para a presentación de alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Tendo en conta que os importes de subvencións suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas nas bases da convocatoria e cos importes que se indican:

Subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo.

FINALIDADE	IMPORTE
ACTIVIDADE COMPETITIVA FEDERADA	470.000 €
EVENTOS DEPORTIVOS	30.000 €
TOTAL	500.000 €

Por todo o exposto,

Á vista do informe da Comisión de avaliación.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2022, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base 6 e ao previsto na base 7 respecto do importe e cálculo da subvención das bases da convocatoria,

segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo ao previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A-SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Técnico/a Superior Forestal, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical, grupo A - subgrupo A1, correspondente á Oferta de Emprego para o ano 2018, cuxas bases xerais fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 089 e 112, de 20 de abril e 18 de maio de 2020, e cuxa convocatoria e bases específicas foron publicadas no BOP núm. 193 e 011, de 23 de agosto de 2021 e 15 de xaneiro de 2022; vista a proposta do Tribunal Cualificador, visto que o aspirante seleccionado acreditou dentro de prazo, a documentación a que se refire a base xeral 4 e a base específica 4 que rexen a convocatoria,



cumprindo polo tanto o establecido no artigo 56 da Lei 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); esta presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de acordo coa base xeral 11, propón á Xunta de Goberno resolver definitivamente o procedemento selectivo nomeando a:

Don Luís Jesús Fernández Reija, para ocupar a praza de Técnico Superior Forestal, número 906, escala administración especial, subescala técnica, técnicos superior, grupo A - subgrupo A1 (artigo 76 da Lei 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á OEP para o ano 2018, reservada a promoción interna vertical.

O aspirante continuará no mesmo posto que obtivo por concurso con carácter definitivo denominado Xefe de Sección I Medio Ambiente (Acordo Xunta de Goberno de data 3.05.2019), por seguir cumprindo os requisitos e condicións para o seu desempeño.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.